

NO BOE desta mañá saen publicadas as cualificacións profesionais correspondentes a Celador/a e a TCAE, con nivel I e II respectivamente. Pódense consultar [nesta ligazón](#) .

Como se sabe, dese **CIG-Saúde** [levamos tempo reivindicando o nivel III para TCAE e o nivel II para Celador/a](#) , para adecuar estas categorías profesionais ao establecido no Estatuto Básico do Empregado Público no que respecta ás clasificacións de persoal.

Inda que hoxe sae publicado cuns niveis diferentes aos esixidos por **CIG-Saúde**, non renunciamos a estas esixencias e seguiremos facendo todo o que estea na nosa man para poder chegar algún día a acadar as nosas reivindicacións, no camiño de adaptar de xeito correcto as categorías profesionais ás clasificacións establecidas no EBEP e a mellorar a formación e valoración das profesións sanitarias.